

**REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO  
DE ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL**

**Aprobado en Consello de Departamento o 18/12/2008  
Aprobado en Consello de Goberno o 13/10/2010**

## **CAPÍTULO PRELIMINAR**

### **Artigo 1**

O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo, rexerese polo disposto nos Estatutos da Universidade e no presente regulamento.

### **Artigo 2**

1. O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo, agrupa a todos os docentes e investigadores/as pertencentes ás áreas de coñecemento de Ecoloxía, Zooloxía e Antropoloxía Física.

2. O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal é o órgano encargado, en todos os centros da Universidade de Vigo, da organización e desenvolvemento do ensino e a investigación nas devanditas áreas de coñecemento.

3. O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal está formado por membros que exercen a súa actividade nos campus de Ourense, Pontevedra e Vigo.

4. O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal potenciará o traballo científico e a promoción dos seus membros, fomentando o desenvolvemento, a colaboración e o enriquecemento dos distintos grupos de investigación.

### **Artigo 3**

O Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal ten a súa sede no Edificio de Ciencias Experimentais, Campus de Vigo, 36310 Vigo.

### **Artigo 4**

1. O Consello de Departamento poderá proporlle ao Consello de Goberno a creación de seccións departamentais cando concorran circunstancias de tipo xeográfico, de coherencia científica ou investigadora. Coa proposta da sección departamental achegarase unha memoria que faga referencia, polo menos, aos seguintes aspectos:

- a) Área ou áreas de coñecemento de que consta.
- b) Razóns do pedimento de creación da sección departamental.
- c) Liñas e proxectos de investigación.
- d) Medios persoais docentes e investigadores.
- e) Medios materiais docentes, en particular número, tipo e capacidade de laboratorios.
- f) Medios materiais investigadores.

2. Cada sección departamental estará dirixida por un catedrático/a ou profesor/a titular desa sección. As súas competencias estarán fixadas no Regulamento de réxime interno do Departamento.

## **CAPÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **Artigo 5**

Son órganos de dirección e xestión do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal:

- a) O Consello de Departamento
- b) O Director/a
- c) O Secretario/a
- d) A Comisión Permanente
- e) Coordinadores das Seccións Departamentais se as houbese

## **CAPÍTULO II. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO**

### **Artigo 6**

1. O Consello de Departamento estará integrado por:

- a) Todos os profesores/as doutores membros deste.
- b) Todo o resto do persoal docente e investigador a tempo completo.
- c) Un 20% do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, que en ningún caso superará o 10% do total do Consello.
- d) Unha representación dos estudantes que constituirá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento, a metade serán estudantes do terceiro ciclo. En todo caso, de haber candidatos/as, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de, polo menos, un alumno/a de cada un dos centros onde imparte docencia o Departamento.
- e) Unha representación do persoal investigador e formación, que constituirá como máximo o 2% do Consello de Departamento.
- f) Unha representación do persoal de administración e servizos, adscritos ao Departamento, que constituirá como máximo o 9% do total dos seus membros.

Os membros electos do Consello de Departamento serán renovados cada dous anos.

2. De propolo o propio Consello de Departamento, poderán ser convidados ás súas reunións para discutir sobre asuntos específicos, con voz pero sen voto, todos aqueles profesores/as, investigadores/as e estudantes que poidan resultar afectados polo mesmo.

### **Artigo 7**

Corresponderalle ao Consello de Departamento:

- a) Elexir o Director/a e, no seu caso, apartalo do cargo mediante moción de censura, que deberá ser aprobada por maioría absoluta dos seus membros.
- b) Elaborar e propoñerlle ao Consello de Goberno o Regulamento de funcionamento interno e as súas modificacións.
- c) Elaborar a memoria anual sobre o labor docente e investigador realizado polos seus membros.

- d) Elaborar o Programa de organización docente POD.
- e) Informar, de acordo cos membros das áreas de coñecemento implicadas, sobre a procedencia ou non da minoración, do cambio de denominación ou de categoría das prazas de profesorado do Departamento.
- f) Aprobar, en cada curso académico, os programas e/ou guías docentes das materias que impartirán os profesores/as das áreas de coñecemento integrantes do Departamento.
- g) Resolver as reclamacións presentadas polos estudantes de acordo co regulamento correspondente.
- h) Propor a contratación de profesorado, e o nomeamento de profesores/as eméritos. Asemade, efectuar a proposta, no seu caso, dos profesores/as do Departamento que formen parte das comisións correspondentes.
- i) Aprobar as propostas dos Programas de Doutoramento para a súa tramitación á comisión correspondente.
- j) Avaliar o alumnado dos Programas de Doutoramento a cargo do Departamento, e nomear os tutores/as destes.
- k) Admitir ou rexeitar os proxectos de teses de doutoramento.
- l) Informar se procede ou non a aplicación do prazo para presentar a tese de doutoramento.
- m) Dar a súa conformidade para a presentación das teses de doutoramento. Asemade, formular as propostas para o nomeamento dos tribunais que deberán xulgar estas, de acordo cos membros das áreas implicadas.
- n) Todas aquelas funcións atribuídas polos Estatutos ao Consello de Departamento e non previstas nos puntos anteriores.
- ñ) Calquera outra que afecte o Departamento ou non fora explicitamente atribuída a outros órganos da Universidade.

## **Artigo 8**

1. O Consello de Departamento reunirse por iniciativa do Director/a ou previo pedimento dun 40% dos seus membros, en todo caso, celebrarase unha reunión ordinaria cada trimestre.
2. As reunións ordinarias do Consello do Departamento serán convocadas cun prazo mínimo de 48 horas, tendo en conta, no seu caso, a existencia de membros do mesmo en campus distintos os da sede do Departamento. O Consello de Departamento extraordinario poderá ser celebrado, se o asunto que se vai tratar fose urxente, nun prazo mínimo de 24 horas a partir da data de emisión da convocatoria.
3. A orde do día dunha sesión ordinaria incluírá os asuntos que a Dirección considere pertinentes e/ou os solicitados, por escrito, dun 10% dos seus membros cunha antelación de 5 días antes da celebración do Consello.
4. A documentación referente a aqueles puntos da orde do día que se requiran estará a disposición dos membros do Consello de Departamento na sede deste.

## **Artigo 9**

1. A petición dunha reunión con carácter extraordinario do Consello de Departamento farase por escrito e deberase acompañar, polo menos, das

sinaturas dun 33% dos membros do Consello de Departamento, das da maioría absoluta dos membros dunha área de coñecemento, ou dos membros dun centro. Nela constará, no seu caso, o carácter de urxencia da mesma, así como o tema que se solicita tratar.

2. Unha vez recibida a petición de reunión de carácter extraordinario o Director/a do Departamento disporá dun prazo máximo de oito días para a súa celebración. Se a petición inclúise carácter de urxencia, deberase celebrar nun prazo máximo de catro días. Os prazos fixados neste apartado contaránse a partir da data do rexistro de entrada da petición na sede do Departamento.

## **Artigo 10**

1. Establécese o quórum en primeira convocatoria na metade máis un do número legal dos membros, e en segunda convocatoria nun terzo dos membros do Consello. Para realizar o cómputo de quórum descontarase o número de profesores/as que tiveran xustificada convenientemente a súa ausencia ou os que contan co permiso oficial de ausencia emitido polo Vicerreitorado de Profesorado. Os acordos do Consello de Departamento poderán ser tomados por asentimento ou por votación, neste último caso adoptaranse por maioría simple dos asistentes. Para a elección do Director/a ou a súa remoción seguirase o disposto polo regulamento vixente.

De non acadalo quórum necesario para a segunda convocatoria e transcurrido outros 15 minutos, farase una nova convocatoria no mesmo día, debéndose celebrar o correspondente Consello de Departamento nos 5 días hábiles seguintes.

En todo momento O Consello de Departamento constituirase contando coa presenza do Director/a e Secretario/a ou quen os substitúan.

2. A asistencia ás sesións do Consello de Departamento **é obligatoria** para os seus membros. Perderase a condición de membro por finalización legal do mandato e por perda das condicións necesarias para ser elixido.

As votacións poderán ser públicas, a man alzada, ou secretas cando o solicite un membro do Consello e, en todo caso, cando afecten a persoas concretas.

3. A participación nas deliberacións e votacións é persoal e indelegable, quedando excluído o voto por correo e o voto por anticipado.

4. Non poderá ser obxecto de acordo ningún tema que non figure incluído na orde do día, agás que se atopen presentes todos os membros do Consello de Departamento e sexa declarada de urxencia a súa resolución por un 40% dos seus membros.

5. Cando un membro do Consello de Departamento desexe que se recolla textualmente algunha intervención, deberá comunicalo verbalmente ó Secretario, entregándolle por escrito o texto correspondente dentro do prazo establecido na correspondente lei.

## **Artigo 11**

1. De cada sesión do Consello de Departamento levantarase acta que contará coa relación de asistentes, así como coas circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, un resumo das deliberacións, a forma e resultado das votacións e o contido literal dos acordos. Tamén figurarán nela todas aquelas intervencións que os membros do Consello de Departamento desexen que figuren expresamente.

2. As actas asinadas polo Secretario/a, co visto e prace do Director/a, serán sometidas a consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

Cando un membro do Consello de Departamento desexe presentar una alegación, deberá comunicalo verbalmente ó Secretario, entregándolle por escrito o texto correspondente para a su debate, e de ser o caso a súa aprobación, na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

3. Ó libro de actas terá acceso para a súa consulta, en presenza do Secretario/a, calquera membro do Consello de Departamento.

4. O Secretario/a expedirá certificacións de cada acta, ou dunha parte da mesma a calquera membro do Consello de Departamento que as demande por escrito.

## **CAPÍTULO III. DO DIRECTOR/A**

### **Artigo 12**

1. O Departamento terá un Director/a que será elixido polo Consello de Departamento de acordo co regulamento aprobado polo Consello de Goberno.

2. En todo caso, o réxime de dedicación a tempo completo será un requisito necesario para o desempeño da dirección dun departamento.

### **Artigo 13**

1. O Director/a do Departamento será nomeado polo Reitor/a da Universidade a proposta do Consello de Departamento. O nomeamento seralle comunicado ao Consello de Goberno e aos Decanos/as e Directores/as dos centros universitarios nos que o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

2. O cargo de Director/a de Departamento desempeñarase durante tres anos, con posibilidade dunha soa reelección.

3. En caso de ausencia, enfermidade ou dimisión do Director/a do Departamento, substituirao o profesor/a de categoría superior máis antigo deste.

### **Artigo 14**

Son funcións do Director/a do Departamento:

a) Exercer a súa representación.

- b) Presidir e convocar o Consello de Departamento, nas súas reunións ordinarias e extraordinarias.
- c) Presidir e convocar a Comisión Permanente, nas súas reunións ordinarias e extraordinarias.
- d) Executar os acordos adoptados polo Consello de Departamento e velar polo seu cumprimento.
- e) Organizar e coordinar, de conformidade co Consello de Departamento, os medios persoais e materiais dos que se dispoña da maneira máis axeitada para cumprir os obxectivos investigadores e docentes do mesmo.
- f) Elaborar, coa asistencia do Secretario/a, a memoria anual das actividades desenvolvidas polo Departamento.
- g) Calquera outra que lle encomende ou delegue o Consello de Departamento.

## **CAPÍTULO IV. DO SECRETARIO/A**

### **Artigo 15**

1. O Secretario/a do Departamento será nomeado polo Reitor/a, a proposta do Director/a do Departamento, entre calquera dos membros do Consello de Departamento.

2. Son funcións do Secretario/a do Departamento.

- a) Levantar acta das sesións do Consello de Departamento.
- b) Expedir as certificacións que lle correspondan e tramitar as respostas.
- c) Coidar o arquivo e a documentación do Departamento.
- d) Redactar todos os escritos de carácter administrativo que lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director/a.
- e) Exercer, por delegación do Director/a, a xefatura inmediata do persoal de administración e servizos especificamente adscrito ao Departamento.
- f) Calquera outra que lle encomende ou delegue o Director/a do Departamento

3. No caso de enfermidade ou ausencia do Secretario/a, o Director/a nomeará un accidental entre os membros do Consello de Departamento.

## **CAPÍTULO V. DA COMISIÓN PERMANENTE**

### **Artigo 16**

1. A Comisión Permanente estará constituída por:

- a) Dous membros natos:
  - O Director/a do Departamento, que presidirá a Comisión.
  - O Secretario/a do Departamento.

Sete membros eleixidos polo Consello de Departamento, entre os seus membros, observando o establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo:

- 3 membros do persoal docente e investigador doutor ou a tempo completo
- 1 membro do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor
- 2 estudantes (1 de primeiro e segundo ciclo, e 1 de terceiro ciclo)
- 1 representante do persoal de administración e servizos

2. Perderase a condición de membro da Comisión pola inasistencia, sen causa xustificada, a tres sesións da mesma. Ademais de por pedimento propio ou por perda das condicións necesarias para ser elixido.

3. No caso de vacante, procederase á elección dun novo membro dentro do sector correspondente no prazo máis breve posible.

### **Artigo 17**

1. As reunións da Comisión teranse que celebrar en días hábiles e serán convocadas por escrito polo Director/a ou Secretario/a. As de carácter ordinario, cunha antelación mínima de 48 horas e as de carácter extraordinario de 24 horas. A mesma convocatoria será remitida, a efectos informativos, no mesmo prazo, a todos os membros do Consello de Departamento mediante correo electrónico. Invitarase, se fose oportuno, a asistir á reunión da Comisión, con voz pero sen voto, a aquelas persoas que poidan resultar afectadas por algún punto da orde do día.

2. A Comisión Permanente reunirase de forma ordinaria ou extraordinaria cando o considere oportuno o Director/a, ou se o pide por escrito o 40% (convocatoria ordinaria) ou o 25% (convocatoria extraordinaria) dos seus membros.

3. Acadarase o quorum da Comisión Permanente coa metade máis un dos seus membros que formen parte da mesma nese intre e que non xustifiquen a súa ausencia. En calquera caso o quórum nunca será inferior a un terzo do total.

4. O Secretario/a do Departamento tamén o será da Comisión Permanente, levantando actas das sesións.

As actas asinadas polo Secretario/a, co visto e prace do Director/a, serán sometidas a consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

### **Artigo 18**

Son funcións da Comisión Permanente:

1. Decidir sobre aqueles asuntos que o Consello de Departamento delegue nela. Cando algún membro da Comisión Permanente ou do Consello de Departamento considere que un asunto non debe ser tratado na Comisión, este deberá ser obrigatoriamente tratado no Consello de Departamento.

2. Estudar, asesorar, e propoñer solucións en todos aqueles asuntos que o director/a ou o Consello de Departamento sometan á súa consideración.



## **CAPÍTULO VI. DAS ÁREAS DE COÑECEMENTO**

### **Artigo 19**

1. Será función das áreas de coñecemento asesorar o Consello do Departamento nos asuntos que lles afecten, de modo que este teña en conta os acordos acadados polos membros das citadas áreas.
2. Será función das áreas de coñecemento debater e elaborar propostas sobre a organización das tarefas docentes e investigadoras propias da área, para a súa presentación e aprobación, se procede, no Consello de Departamento.
3. Cando unha proposta sexa consensuada polos membros dunha área de coñecemento, esta será ratificada polo Consello de Departamento, sempre que non se vulneren os dereitos dos membros desa ou outras áreas, nin afecte o bo desenvolvemento da actividade ou calidade docente e investigadora nos distintos ámbitos de organización da Universidade.

## **CAPÍTULO VII. DA ORGANIZACIÓN DOCENTE**

### **Artigo 20**

1. O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente.
2. O reparto da carga docente farase de xeito equitativo entre todos os docentes de cada área de coñecemento.
3. A docencia das materias de cada área será asumida exclusivamente polos profesores/as desta área, podendo existir redistribucións por acordo dos profesores/as dos distintos centros.
4. A distribución das obrigas docentes deberá prever no posible, a necesidade de cubrir todas as ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte de calquera dos membros do Departamento ao longo do curso.
5. Calquera modificación do Plan de Organización Docente (POD) respecto ás materias asignadas aos profesores/as e ao número de horas dedicadas a clases teóricas e prácticas, debe contar coa autorización do Consello de Departamento. De non existir consenso na área, o reparto da docencia farase por categoría superior e antigüidade entre os profesores/as da mesma.
6. Toda ausencia superior a unha semana, debe serlle comunicada ao Departamento. O Director/a fará as xestións oportunas para cubrir a docencia teórica e/ou práctica.
7. Todas as incidencias que se deriven do incumprimento da normativa que se inclúe nos apartados 1, 2, 3 e 4 serán comunicadas ao Consello de Departamento aos efectos oportunos.

### **Artigo 21**

O Departamento comunicará aos respectivos centros, coa antelación suficiente, os programas teóricos e prácticos das materias do curso académico seguinte, e o POD completo das áreas de coñecemento do Departamento que impartan docencia en cada centro.

### **Artigo 22**

1. O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico. Correspóndelle ao Consello do Departamento aprobar esta programación, así como o seu orzamento.

2. Os profesores/as que desexen organizar ou dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios, sen cargo aos créditos do Departamento comunicaranllo previamente a este. As citadas actividades poderán figurar na memoria anual do Departamento.

## **CAPÍTULO VIII. DA INVESTIGACIÓN**

### **Artigo 23**

1. O Departamento, ou os seus profesores/as a través del, poderá contratar con entidades públicas ou privadas ou ben con persoas físicas, a realización de traballos de carácter científico ou técnico, e mais o desenvolvemento de cursos de especialización, formación ou perfeccionamento.

2. Ningún profesor/a está obrigado a realizar traballos contratados ou participar en cursos de especialización, formación ou perfeccionamento se non manifestou, libremente e por escrito, a súa vontade de obrigarse.

### **Artigo 24**

Tendo en conta os seus programas de investigación, o Departamento poderá contratar temporalmente persoal que colabore no desenvolvemento dos mesmos, con cargo aos fondos específicos de investigación asignados pola Universidade ou os procedentes de financiamento exterior.

## **CAPÍTULO IX. DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

### **Artigo 25**

O Consello de Departamento elaborará e actualizará os cadros de persoal docente e investigador.

## **Artigo 26**

As propostas de nomeamento de bolseiros/as e mais os de contratación de persoal, con cargo a créditos xerais do Departamento, serán presentadas ao Consello para a súa aprobación e tramitación á Reitoría, no seu caso.

## **Artigo 27**

1. Os profesores/as poderán propoñerlle ao Consello a admisión de persoas que utilicen regularmente as instalacións do Departamento, con manifestación expresa do traballo que está a desenvolver.

2. A admisión de alumnos/as para a realización de traballos de investigación será competencia do profesor/a que dirixa este traballo. Todos os profesores/as teñen a obriga de comunicarlle, ao Departamento a relación de alumnos/as, que están baixo a súa dirección e as tarefas a realizar.

## **CAPÍTULO X. DO RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 28**

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Departamento contará cos orzamentos anuais que a Reitoría, a través das aplicacións orzamentarias dos capítulos II e VI, lle distribúa.

2. O Consello de Departamento elaborará anualmente o orzamento de ingresos e gastos nas aplicacións orzamentarias do capítulo II.

## **CAPÍTULO XI. DA REFORMA DO REGULAMENTO**

### **Artigo 29**

1. A iniciativa para a modificación deste regulamento corresponde ao Director/a ou a un terzo, polo menos, dos membros do Consello de Departamento.

2. Para a modificación do Regulamento de réxime interno será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.